



TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Historia dos bens escultóricos II

Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais

Obrigatoria da especialidade	Curso: 3º escultura	2º Cuadrimestre	4 ECTS
------------------------------	---------------------	-----------------	--------

Teórica

Profesor: José Granados Marín
granadosmarin@edu.xunta.gal

Horario: 3 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Estudo histórico dos bens escultóricos na Idade Moderna, con especial atención ás producións españolas e gallegas. Criterios de identificación, clasificación e análise dos bens escultóricos comprendidos nese período dende un enfoque metodolóxico que abrangue os seus ámbitos formais, estilísticos, funcionais, técnicos e iconográficos. Aplicación á conservación-restauración.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X10	Coñecer a evolución histórica do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración, e as principais institucións competentes na conservación do patrimonio.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e



	historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ESCULTURA	
EE5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente ao escultórico.
EE11	Coñecer de forma sistemática e integrada o ben cultural de tipo escultórico: distintos xéneros linguaxes, procedementos, iconografías e estéticas.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA	
	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer un diálogo interdisciplinar con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente ao patrimonio escultórico. • Coñecer e identificar de forma sistemática e integrada os bens culturais de tipo escultórico: os seus materiais e as súas técnicas, as súas funcións, os seus distintos xéneros e estilos, o mundo do artesán-artista, o mercado da arte escultórica, etc. • Dominar a terminoloxía técnica e científica da materia, así como os conceptos e as metodoloxías de análise da obra escultórica. • Investigar o patrimonio cultural escultórico desde o punto de vista histórico: as súas fontes documentais, a súa evolución material, funcional e simbólica, así como a súa adecuación aos traballos de conservación-restauración de bens culturais. • Coñecemento dos principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicados á conservación-restauración de bens culturais. • Documentar un ben escultórico do arco cronolóxico estudado, valorándoo e clasificándoo de maneira axeitada, con aplicación á conservación-restauración. • Identificar correctamente as distintas obras escultóricas estudadas, adscribíndoas ós seus correspondentes ámbitos temporais, xeográficos, estilísticos, formais, materiais, técnicos, funcionais e iconográficos, facendo de maneira axeitada as atribucións de autoría, taller e escola.

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% no total da materia
1. Introducción.	1.1 Fontes para o estudio dos bens escultóricos da Idade Moderna. 1.2 Características técnicas, morfolóxicas e estéticas da escultura da Idade Moderna en España. 1.3 A organización socio-profesional do escultor: valoración e categoría social. Aprendizaxe do oficio: do taller gremial ás Academias de Belas Artes. 1.4 Mecenado e mercado de obras escultóricas. 1.5 O triunfo da madeira policromada: características técnicas, formais e iconográficas da imaxe relixiosa en España na Idade Moderna. 1.6 O retablo: tipoloxía, estrutura, materiais constitutivos e evolución estilística.	20%
2. Século XVI.	2.1 O tránsito ás formas renacentes: mestres nórdicos, italianos e españoles. O foco burgalés.	30%



	<p>2.2 Damián Forment e Bartolomé Ordóñez.</p> <p>2.3 O foco vallisoletán: Alonso Berruguete e Juan de Juni.</p> <p>2.3 A plena asunción das formas renacentes: a escultura romanista en España.</p> <p>2.4 Escultura renacentista en Galicia.</p>	
4. Século XVII.	<p>4.1 Incidencia da Contrarreforma na plástica barroca hispana e na conservación-restauración de bens escultóricos.</p> <p>4.2 Castela: Valladolid e Madrid.</p> <p>4.3 Andalucía: Sevilla e Granada.</p> <p>4.4 Outros focos rexionais.</p> <p>4.5 Escultura do século XVII en Galicia.</p>	30%
5. Século XVIII	<p>5.1 Escultura da primeira metade do século XVIII: entre o continuismo da linguaxe formal do Século de Ouro e a introducción do influxo extranxeiro.</p> <p>5.1.1 A escultura no ámbito cortesán: influxo europeo e academicismo.</p> <p>5.1.2 A continuidade da tradición imaxineira.</p> <p>5.1.4 Escultura en Galicia ata a década de 1770.</p> <p>5.2 Escultura neoclásica en España: cambio de paradigma e dirixismo estético.</p> <p>5.3 Escultura tardobarroca e neoclásica en Galicia.</p>	20%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	30	0	30
Estudos de caso, debates e outras actividades	14	6	20
Traballos titorizados/Exposicións	10	20	30
Estudo autónomo	0	20	20
Total	54	46	100

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as sesións maxistras e outras ferramentas aportadas.
Traballos titorizados	Realización de tarefas relacionadas cos contidos da materia nas que se prime a capacidade de investigación e documentación sobre os temas e obras propostas. Preparación por parte do alumno de algún contido da materia indicado polo profesor. As directrices, metodoloxía e a secuencia das tarefas serán indicadas polo profesor ó alumno tanto para a súa correcta



	elaboración e presentación escrita e oral.
Estudios de caso, debates e outras actividades	Charlas abertas a partir da lectura e comentario crítico de artigos científicos; exercicios de reflexión e propostas de intervención, de forma individual ou cooperativa; outras actividades, como visitas externas e traballos asociados a elas. Prácticas de expertización perante o estudo e análise e identificación de bens escultóricos concretos; charlas abertas a partir da lectura e comentario de artigos científicos, noticias de actualidade ou estudos de caso; outras actividades como visitas externas e traballos asociados a elas.
Presentación/Exposición	Exposición oral por parte do alumnado do traballo titorizado.
Proba escrita (avaliación continua)	Exame dos contidos tratados nas aulas, a realizar en datas próximas ao final do cuadrimestre.
Proba da convocatoria ordinaria	Exame para os alumnos/as que non superasen a avaliación continua (por falta de rendemento académico, por perder o dereito á mesma ou por renunciar á mesma). A realizar na data e hora fixada de forma oficial pola ESCRBBCCG. A totalidade dos contidos da presente guía docente é susceptible de ser materia de exame.
Proba da convocatoria extraordinaria	Exame para os alumnos/as que non superasen a avaliación continua ou o exame final ordinario. A realizar na data e hora fixada de forma oficial pola ESCRBCG. A totalidade dos contidos da presente guía docente é susceptible de ser materia de exame.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Proba escrita	<p>Avaliación dos coñecementos adquiridos ó longo do curso mediante a realización dunha proba escrita. A proba terá unha duración de dúas horas e constará de dúas partes:</p> <p>a) Identificación, comentario e análise de varias obras propostas. 60% da nota total.</p> <p>b) Resposta a unha ou varias preguntas relacionadas cos contidos da materia, comentario e análise de textos, etc. 40% da nota total.</p> <p>O dominio da linguaxe escrita así como da terminoloxía científica da materia son imprescindibles para a superación da proba.</p>	60 %



Traballos titorizados	Rigor técnico e metodolóxico no ámbito da documentación e a investigación, corrección formal e calidade da presentación. Sentido crítico e capacidade para plantexar hipóteses. Realización e entrega en prazo.	20 %
Presentación oral dos traballos titorizados	Competencias expositivas; capacidade de síntese; desenvolvemento dos contidos e habilidades divulgativas. Realización en prazo e adecuación ao tempo asignado para a súa exposición.	10%
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula.	Interés pola materia, participación e asistencia regular.	10 %
Total		100 %
PROBA ESCRITA CONVOCATORIA ORDINARIA		100%
PROBA ESCRITA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA		100%
OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN		
<ul style="list-style-type: none"> • Todos os alumnos teñen dereito a unha proba ordinaria e outra extraordinaria. As datas, horas e lugares de celebración das mesmas faranse públicas coa suficiente antelación e poderán ser consultadas nos taboleiros e na páxina web da ESCRBBCCG. • Avaliarase de forma continuada o progreso do proceso de aprendizaxe. A cualificación final para a avaliación continuada consistirá nos sistemas de avaliación expostos na táboa anterior. A fórmula de cálculo para a cualificación obtida ó longo do curso será a seguinte: [Cualificación final = nota proba escrita final x 0,60 + nota traballos titorizados x 0,20 + nota presentación oral dos traballos x 0,10 + nota da observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula x 0,10]. As convocatorias ordinaria e extraordinaria consistirán nunha proba escrita a cualificación da cal suporá o 100% da nota final de cada convocatoria. 		
ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Ofreceráse atención personalizada ó alumnado durante todo o curso. As titorías realizaranse no despacho do profesor, así como mediante correo electrónico, no horario establecido ó comenzo do curso.		

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA
<ul style="list-style-type: none"> • AGULLÓ Y COBO, M.: <i>Documentos sobre escultores, entalladores y ensambladores de los siglos XVI al XVIII</i>, Universidad de Valladolid, 1978. • ARIAS DE COSSÍO, A. M.: <i>El arte del Renacimiento español</i>, Encuentro, Madrid, 2009. • BRAY, X.: -“El choque de lo real: la influencia del arte flamenco sobre la escultura policromada española”, en <i>La senda española de los artistas flamencos</i>, Barcelona, Galaxia, 2009.



-(coord.): *Lo sagrado hecho real. Pintura y escultura española 1600-1700*, Catálogo de Exposición, Madrid, 2010.

- CALVO SERRALLER, F. y PORTUS, J.: *Fuentes de la Historia del Arte II*. Madrid, 2001.
- CHECA CREMADES, F.: *Pintura y escultura del Renacimiento en España (1450-1600)*, Cátedra, Madrid, 1993.
- COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del siglo XIX*, Santiago de Compostela, 2004.
- FERNÁNDEZ PARADAS, A.R. (Coord.):
 - Escultura barroca española*, vol. I.
 - Escultura barroca española*, vol. II.
 - Escultura barroca española*, vol. III.
- GARCÍA GUTIÉRREZ, P. y LANDA BRAVO, J.: *La escultura II. Del Renacimiento a la actualidad*, Madrid, 1991.
- GARCÍA MELERO, J. E.: *Arte español de la Ilustración y del siglo XIX. En torno a la imagen del pasado*, Madrid, 1998.
- GÓMEZ MORENO, E.: *La policromía en la escultura española*, Madrid, 1943.
- GUTIÉRREZ, R. (coord.): *Pintura, escultura y artes útiles en Iberoamérica, 1500-1825*, Manuales arte cátedra, 1995.
- MANSO PORTO, C. : “La escultura gótica y renacentista en Galicia”, en Separata de: FILGUEIRA-VALVERDE, J.F. (de): *La escultura gallega: el centenario de Francisco Asorey*, Santiago de Compostela, 1991, pp. 31-54.
- MALTESE, C. (coord.): *Las técnicas artísticas*, Cátedra, 2006.
- MARTÍN GONZÁLEZ, J. J.:
 - Escultura barroca en España, 1600-1770*, Cátedra, Madrid, 1983.
 - El retablo barroco en España*, Madrid, 1993.
 - El artista en la sociedad española del siglo XVII*, Cátedra, Madrid, 1993.
- PÉREZ COSTANTI, P.: *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, Santiago de Compostela, 1930.
- TOLNAY, CH.: *Miguel Angel: escultor, pintor y arquitecto*, Alianza Forma, Madrid, 1985.
- VASARI, G.: *Las vidas de los más excelentes arquitectos, pintores y escultores italianos desde Cimabue hasta nuestros días (1550, 1568)*, Madrid, Cátedra, 2002.
- VILA JATO, M^a. D.: *Escultura manierista*, Santiago de Compostela, 1983.
- VV. AA.: *Artistas galegos. Escultores galegos (séculos XVI e XVII)*, Nova Galicia Edicións, 2004.
- VV. AA.: *Artistas galegos. Escultores galegos (séculos XVIII e XIX)*, Nova Galicia Edicións, 2004.
- VV.AA.: *Arte e cultura de Galicia e norte de Portugal*. Vols. I e II. Nova Galicia Edicións, 2005.
- VV.AA.: *Conceptos fundamentales del lenguaje escultórico*, Akal, 2006.
- VV.AA.: *Retablos: técnicas, materiales y procedimientos*, International Institute for Conservation, Grupo Español, Valencia, 2006.
- WYTTKOWER, R.:
 - Gian Lorenzo Bernini: el escultor del barroco romano*, Madrid, Alianza, 1990.
 - La escultura, procesos y principios*, Madrid, Alianza Forma, 2003.



OBSERVACIÓNS

- Usarase a plataforma Moodle para que o alumno poida consultar e dispoñer da presente guía docente, para deixar material didáctico para o alumnado, para formalizar a entrega de traballos e para outros usos relacionados coa materia e tamén como modo de comunicación profesor/alumno. O uso desta plataforma é obrigatorio para o alumnado que curse a avaliación continua, e moi recomendable para o resto.
- É imprescindible que o alumno aplique una metodoloxía axeitada á hora de proceder ó estudo dos contidos da materia e á realización das distintas tarefas (toma de apuntes e anotacións, busca e selección de materiais, cronogramas, presentacións, etc.).
- O plaxio e apropiación de materiais científicos en distintos soportes (edicións dixitais ou en papel) sen o citado previo da súa fonte é un delito e suporá un suspenso.
- A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia. O seu uso habitual é recomendable para acadar correctamente os obxectivos da materia.
- O uso ou funcionamento de teléfonos móbiles e outros dispositivos (TIC,s) con capacidade de copia ou gravación non está permitido.